

Electrificación en Cervo

A electricidade tardou moito en chegar a Cervo, no ano 1958 non existía luz eléctrica nesta parroquia, agás nunha soa casa de Magoira alumada grazas á Planta de Santa Mariña. Nesta casa casualmente habitaba José Villar Casal, empregado da planta.

Foi neste ano canto se formou unha directiva pola electrificación de Cervo da empresa ortegana situada na mesma parroquia. A devandita directiva estaba formada polas seguintes persoas: D. José M. Caruncho, cura da parroquia que exerceu o cargo de presidente; José García Piñón, tesoureiro; Rogelio Martínez, secretario; e os vocais, Manuel Villar e José Riola.

Nesa época escaseaba o cobre, non obstante por mediación do alcalde Don Pastor Loureiro e o gobernador da Coruña foi conseguido.

Logo da obtención do cobre acórdase electrificar toda a parroquia en conxunto cun presuposto de 3000 pts. A man de obra corría a cargo da parroquia e a postura de postes tendido e dirección á empresa Ortegana anteriormente mencionada.

Cando os instaladores remataron a rede de tendido exterior comezaron a facer a instalación das casas por un prezo de 2000 pts cada enganche á parte da manutención e aloxamento nas casas dos instaladores mentres realizaban a obra nas casas que tiñan luz eléctrica.

Foron moitas as casas que neste primeiro momento se beneficiaron da electricidade e quedaron unhas poucas sen esta instalación que na maioría dos casos tardaron pouco en conseguila e pagaron o prezo inicial.

A primeira casa viu a luz o 19 de febreiro de 1960. A chegada da electricidade supuxo un grande cambio e en todos os fogares se retiraban os candís e todos estaban abraiadados ante ese mundo de luz e claridade.

Con toda esta novidade non faltaron comerciantes que aproveitaron a ocasión para vender aparellos de radio: Telefunken, Marconi, Iberia e outros particulares.

Había un programa que todos querían escoitar naquela época, titulábase “Puesto en aire” e ao pouco tempo, grazas ao interese que espertaba nos oíntes a maioría dos fogares mercaban o aparello de radio.

Mutua Gandeira

Despois de 4 ou 5 anos disolta debido á chegada da Guerra Civil Española no 1936, reanúdase a Mutua gandeira que existía en Cervo. Nestes anos existía moita escaseza de diñeiro e había familias moi humildes que se vían en serias dificultades para poder substituír ou repoñer o gando cando este morría. É por este motivo que en moitas ocasións se recorría á boa vontade dos veciños que enviaban donativos aos afectados.

Para solucionar o problema os veciños xuntáronse para formar unha mutua e deste modo sufragaban todos xuntos as perdas do gando dos socios. Nun principio foi o presidente Don Ricardo Martínez. No seu momento esta mutua tivo un capital

considerable pero pasando os anos a xente foi marchando e o número de reses baixou, polo que os socios reducíronse a 12. Os directivos tiñan que ser sempre os mesmos: Andrés Picos, secretario; José Costa, presidente; Carlos Busto e Francisco Arrivi, taxadores e Estrella Riola como tesoureira.

Fundación do Local Social do Salón de Cervo

As obras do Local Social de Cervo comezaron no ano 1931. Estas foron levadas a cabo polos seguintes directivos: como presidente, Clemente Díaz Lourido que foi fundador e faleceu ao pouco tempo de tifo; o secretario era José Ciprián Durán. Posteriormente, o cargo de presidente desempeñouno Ricardo Martínez.

A obra foi contratada a Andrés Loureiro e os veciños colaboraron na doazón de carreta de pedra...; así como na madeira para a cubrición.

Neste local existían tres oficinas: o sindicato labrego, a mutua gandeira e a Unión Cultural. Nel celebrábanse festas amenizadas polas bandas de Ortigueira e Cedeira; fútbol, xogos de baralla, dominó etc..

Aparte destas actividades lúdicas tamén se impartían clases particulares pola noite a cargo de José Durán, secretario do local a nenos e maiores que querían instruírse.

Sociedades que existiron en Cervo

Entre os anos 1949 e 50, aproximadamente, formouse unha sociedade chamada Ronda. Esta xurdiu motivada porque as persoas que posuían montes e os dedicaban ao pasto do gando só conseguían deles leña de toxo, o que non resultaba productivo nin rendible. Foi isto o que os levou a decidir plantar pinos e suspender os pastos. Non obstantes, o que quedaba sen pastos seguían dedicándose a iso ás agachadas. Era este o motivo polo que existían vixiantes para multalos cunha cantidade de diñeiro por vaca. Este feito resultou moi prexudicial para os gandeiros, pois facíase difícil pagar os arrendos dos pastos.

A maioría das persoas cavaban os montes para botarlles trigo e semente de toxo, o que lles permitía manter o gando, mais ao tempo plantaban pinos no mesmo terreo. Todo isto fíxoos máis rendibles, pois cando vendían a madeira sacaban moitos máis cartos.

En contraposición, no lugar había persoas que non posuían montes nin medios e tiveron que emigrar a outros pobos e cidades para gañar de a vida. Uns foron para Pontevedra, ao Wolfrem, outros a diversos sitios, mais moitos inscribíronse na escola profesional acelerada obtendo bons resultados ou se embarcaron en barcos para Victoria ou Ferrol.

A causa de todo isto a agricultura e gandería quedaron mermadas. Existían polo menos seis ou sete parellas de bois e dúas pasadas de toros galegos, e concéntrouse o terreo facendo así máis fácil a agricultura.

Había cinco ou seis familias que levaban leite a Cedeira, mais ao chegar a envasada vendíase menos, a pesar de que a produción aumentaba grazas á existencia de mellores vacas.

Algúns gandeiros decidiron entón facerse socios de Leyma e crearon un centro de frío no lugar de Magoira. Xuntáronse un grupo de dezaoto, algúns de Régoa.

Antonio Loureiro
Yginio Loureiro
Elías Picos
José García Aneiros
José Costa
José Bellón
José Villar
Donato Díaz
Clemente Díaz
Leandro Chao
Carlos Busto
José R. Orjales
Andrés Villar Pérez
Andrés Villar
Andrés Pérez
Luis Pardo
Benigno Picos
Rogelio Martínez

Logo de estar todos reunidos acondouse nomear unha directiva. Nesta reunión elixiuse como presidente, mediante votación secreta a José Costa; secretario Andrés Villar; tesoureiro, Andrés Pérez; vocais, José Villar e Antonio Loureiro.

Baixo a dirección de Antonio Paredes, axente de Extensión Agraria, foi solicitada á Deputación Provincial da Coruña unha subvención para un tanque de frío. Esta foi concedida e deste xeito a Deputación cubriu o 90% dos gastos e o 10% restante aportouno o grupo.

Nun principio levaba o leite Andrés Villar Pérez pero non podía transportala toda, foi entón cando a empresa Leyma se encargou de recollelo. O tanque tiña unha capacidade de 1200 litros e era baleirado cada dous días ata que un dos produtores montou unha granxa e o número de recollidas incrementouse a dúas no día, unha pola mañá e outro á noite.

Para maior comodidade cada socio tiña unha chave do recinto de xeito que baleiraba a calquera hora o leite apuntando os litros procurando ter boa conciencia nas medidas. Acostumábase a poñer incluso un pouco de máis que servía para o gasto da corrente e mantemento. Este foi un negocio que deu moi bo resultado grazas á honradez das persoas que nel participaban.

A pesar de todo isto pouco a pouco o número de persoas asociadas foi baixando e o negocio resultou moito menos rendible xa que era difícil case cubrir os gastos que

producían as instalacións. Deste xeito, a xente restante decidiu vender as cotas e o tanque quedou en ruínas.

Finalmente o terreo foi quedando de campo ou pasto, matogueira ou plantacións de eucaliptos, diminuíndo o número de gandeiros.

Mina de area de fregar

Volvendo de Cervo, no lugar de Chíparra existía unha mina pequena de area de fregar. Esta era vendida en Cedeira e na comarca.

Ao transporte deste produto dedicábanse unhas cantas familias que a transportaban a Cedeira cargando con ela en sacos de 50 ou 60 quilos, os homes, e 30 ou 40 as mulleres que deste modo colaboraban na economía familiar naqueles tempos de necesidade nas décadas dos 30, 40 e 50.

A pequena zona industrial de Cervo

Resulta moi curioso que nun lugar de Cervo chamado Magoira poboado cunhas 14 casas existisen en cada unha delas unha persoa dedicada ou especializada nun oficio diferente.